

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE AGOSTO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/362/2015.- JULIO CARRIL CASTRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para legalización de rehabilitación dunha vivenda sita no lugar de Bando de Arriba nº 31.

LIC/1898/2015.- JUAN CARLOS VENCE GÓMEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada en Lugar de A Xesteira.

LIC/513/2016.- MARIA TERESA GUERRA CASTELAO.- Conceder a licenza para a demolición de edificio de vivendas compostas de semisoto, planta baixa e tres plantas en lugar de Codesedas nº 12.

LIC/1773/2015.- RAUL MOURE FERREIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de A Pedra nº 32 B.

LIC/1712/2015.- CARMEN MARIA BARROS GOMEZ.- Conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en rúa das Casas Novas nº 25.

LIC/1668/2013.- FRANCISCO PEREZ IGLESIAS.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma e rehabilitación do edificio sito na rúa dos Bautizados nº 12.

LIC/1608/2013.- MARIA ANGELES FIGUEIRAS CALVIÑO.- Conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa do Espírito Santo nº 34.

LIC/895/2016.- VISECORSA, S. L. U.- Conceder a licenza para ampliación de nave sen uso específico na rúa de Malta nº 2.

LIC/641/2016.- CARMEN ALBARES VIDAL.- Conceder licenza para executar as obras de reforma de cuberta de vivenda unifamiliar existente en rúa de Vista Alegre nº 173.

LIC/144/2015.- SONIA MARIA REIMONDEZ CALVO.- Conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de A Susana nº 2.

LIC/44/2015.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para rehabilitación dun edificio destinado a Centro de Acolida de Peregrinos sito na rúa de Carretas nº 33.

LIC/755/2016.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para executar as obras de reforzo de estrutura (fase I) en Praza Seminario Estudos Galegos nº 2.

LIC/570/2016.- FINANCIERA MADERERA, S. A.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación de edificios de oficinas en Lugar de Formarís nº 60.

LIC/1760/2015.- JUAN JOSÉ REY MACEIRA.- Conceder licenza para executar as obras de reforma de ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Escultor Xosé Eiroa nº 2.

2.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e a concesión de licenza para legalización de rehabilitación dunha vivenda sita no lugar de Bando de Arriba, nº 31. LIC/362/2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e a concesión de licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de A Xesteira. LIC/1898/2015. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a demolición de edificio de vivendas compostas de semisoto, planta baixa e tres plantas no lugar de Codesedas, nº 12. LIC/513/2016. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de A Pedra, nº 32 B. LIC/1773/2015. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa das Casas Novas, nº 25. LIC/1712/2015. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma e rehabilitación do edificio sito na rúa dos Bautizados, nº 12. LIC/1668/2013. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa do Espírito Santo, nº 34. LIC/1608/2013. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para ampliación de nave sen uso específico na rúa de Malta, nº 2. LIC/895/2016. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de cuberta de vivenda unifamiliar existente na rúa de Vista Alegre, nº 173. LIC/641/2016. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de A Susana, nº 2. LIC/144/2015. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para rehabilitación dun edificio destinado a Centro de Acollida de Peregrinos, sito na rúa de Carretas, nº 33. LIC/44/2015. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforzo de estrutura (fase I) na Praza Seminario Estudos Galegos, nº 2. LIC/755/2016. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación de edificios de oficinas no lugar de Formarís, nº 60. LIC/570/2016. Apróbase a proposta.

15.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Escultor Xosé Eiroa, nº 2. LIC/1760/2015. Apróbase a proposta.

16.- Proposta do concelleiro delegado substituto de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para casa da muller. Acórdase a aprobación dun Proxecto Básico e de execución de acondicionamento do local que albergará a Casa das Mulleres, cunha superficie de 134 m². O proxecto propón a necesidade de que os espazos sexan flexibles e poidan adaptarse ao amplo abano de actividades que se propoñen. A proposta suporá a execución da compartimentación do local e a definición das fachadas, a definición dos acabados e o acondicionamento das instalacións. O proxecto ten un prazo de execución de 3 meses e un prezo de licitación de 127.000 euros máis IVE.

17.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á autorización para o cambio da titularidade das casetas do mercado de abastos NC225 e NC226. Apróbase a proposta de subrogación das persoas físicas integrantes da sociedade civil HERNÁNDEZ Y CANABAL, SC, na titularidade das casetas do Mercado de Abastos NC225 e NC226. A subrogación implica que dona CONSUELO CANABAL FALCÓN asume a totalidade de dereitos e obrigas que lle correspondían á sociedade civil nas casetas NC225 e don SAMUEL HERNÁNDEZ REY ás que lle correspondían á sociedade civil na caseta NC226. O prazo de duración da concesión non se verá afectado por esta modificación contando desde a ocupación inicial das casetas polo anterior titular.

18.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á autorización para o cambio da titularidade das casetas do mercado de abastos NC227, NC228 e NC229. Acórdase informar favorablemente da subrogación da sociedade limitada A CASA DA QUENLLA SL, na titularidade das casetas do Mercado de Abastos NC227, NC228 e nc229. O prazo de duración da concesión non se verá afectado por esta modificación contando desde a ocupación inicial das casetas polo anterior titular.

19.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención da Dirección Xeral de Formación e Emprego para a posta en marcha do programa integral "EMPREGO SANTIAGO V". Acéptase a subvención por importe de 104.426 euros (26.106,50 para o período do 1 de setembro ao 30 de novembro de 2016 e 78.319,50 para o período do 1 de decembro de 2016 ao 31 de agosto de 2017), para a posta en práctica surante as anualidades 2016-2017 do programa integrado en materia de emprego, Proxecto "Emprego Santiago V", sendo o gasto elexible de 129.470,46 €.

20.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención da xefatura territorial da Consellería, Emprego e Industria para a realización do obradoiro de emprego "ECORURAL SANTIAGO". Apróbase a subvención por importe de 179.134,20 euros. O obradoiro de emprego "ECORURAL SANTIAGO" está dirixido a 20 alumnos/as traballadores/as e contempla as seguintes actuacións: a execución da rehabilitación da antiga Escola Unitaria de Susana como centro BTT e de atención a visitantes Val de Santa Lucía-Marrozos, a elaboración de Recursos e Materiais para a promoción do BTT e do Turismo Ecolóxico do Val de Santa Lucía-Marrozos e elaboración e mantemento de páxinas web do Centro BTT e do centro de atención a visitantes Val de Santa Lucía-Marrozos. O Concello cofinanciará o proxecto por importe de 50.000 euros.

21.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación das bases da convocatoria de premios do concurso de ideas e procesos colaborativos para o emprego (INDEA). Apróbase a proposta.

22.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do reaxuste das fases de execución do contrato do servizo para a posta en marcha dos orzamentos participativos para o ano 2017. Acórdase establecer o 10 de novembro de 2016 como nova data de remate do contrato con CIDADANÍA. REDE DE APLICACIÓN S CIAIS S. Coop. Galega para o desenvolvemento dos orzamentos participativos de 2017.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO para 2016. Acórdase continuar cos trámites oportunos para a paobación do modelo de convenio que se achega co CLUB TRIATLÓN SANTIAGO no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 12.000 euros.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o OBRADOIRO CLUB AMIGOS DE BALONCESTO SAD para 2016. Acórdase continuar cos trámites oportunos para a paobación do modelo de convenio que se achega co OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS DE BALONCESTO SAD no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 65.000 euros.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais, así como o rexeitamento da oferta presentada por unha empresa. Acórdase rexeitar a oferta presentada pola empresa SEANTO SL por non asinar debidamente a documentación dacordo ao recollido no prego de cláusulas administrativas e adxudicar o contrato a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL,

por un importe de 181.818,18 euros máis IVE en dous exercicios orzamentarios (2016 e 2017).

URXENCIAS

1.- Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CLUB CICLISTA COMPOSTELANO para a organización na cidade de varias carreiras ciclistas de carácter oficial e ámbito federativo. Acórdase continuar cos trámites oportunos para a aprobación do modelo de convenio que se achega co CLUB CICLISTA COMPOSTELANO no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 20.000 euros.

2.- Proposta de modificación do contrato de prestación do servizo de Axuda no Fogar formalizado coa empresa Valoriza en contía de 1.828.882,56 euros IVA incluído. Apróbase o incremento do 10% no contrato con devandita empresa, o que supón un incremento de 85.618,83 euros, ata acadar os 2.011.770,82 euros.

3.- Informe a efectos do disposto na lexislación vixente e na base 8 das de execución do orzamento de 2016. Dase conta do Informe que recolle a situación económica do concello a 30 de xuño de 2016.

4.- Aprobación do expediente e apertura do proceso de adxudicación de “Execución das obras do Proxecto de modernización das instalacións do alumeadado público en: Busto, Figueiras e A Gracia incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)”. Acórdase a aprobación do expediente e a apertura do procedemento aberto de adxudicación establecendo un tipo de licitación de 65.7612,28 euros máis IVE.

5.- Aprobación do expediente e apertura do proceso de adxudicación de “Execución das obras do Proxecto de Acondicionamento e Posta en valor de fontes e lavadoiros na zona rural: Lobio, O Roxido, Santomil e Vilamaior incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)”. Acórdase a aprobación do expediente e a apertura do procedemento aberto de adxudicación establecendo un tipo de licitación de 30.657,63 euros máis IVE.

6.- Aprobación do expediente e apertura do proceso de adxudicación de “Execución das obras do Proxecto de remodelación do trazado da curva vial M-8, Son de Abaixo-Ponte Alvar en Marzo de Arriba, 17 incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)”. Acórdase a aprobación do expediente e a apertura do procedemento aberto de adxudicación establecendo un tipo de licitación de 45.934 euros máis IVE.

7.- Inicio expediente de contratación das obras de ampliación da rede de abastecemento en Sionlla de Abaixo. Apróbase a proposta

8.- Obras urxentes de apeo-arriostamento consistentes na estabilización das fachadas do edificio catalogado situado na rúa de Galeras, 18, denominado Casa das Máquinas. Apróbase a actuación de emerxencia debido á situación de deterioro do edificio que pode supoñer un problema de seguridade. Adxudícase por un importe de 22.968 euros e consistirá no apuntalamento do edificio, paso previo ao inicio da Fase I de acondicionamento do edificio. Requerírase tamén a UNIÓN FENOSA que retire o cadro transformador.